

BASES DO CONCURSO DE IDEAS E PROXECTOS SPIN_UP

spinup-project.eu



Definición
del entorno



Identificación
de proyectos



Perfección
del modelo de
negocio



Promoción de
la inversión

1	O proxecto SPIN_UP	3
2	Concurso de ideas.....	4
3	Bases do concurso.....	5
3.1	Obxectivo.....	5
3.2	O concurso.....	5
3.3	Quen pode participar?.....	7
3.4	Requisitos de participación	8
3.5	Comité avaliador.....	9
3.6	Imaxe.....	9
3.7	Tratamento de información e protección de datos	9
3.8	Participación	11
3.9	Comunicacións.....	11
3.10	Reclamacións.....	11
4	Convocatoria	12
4.1	Inscripción.....	12
4.2	Prazo de presentación de solicitudes	12
4.3	Contido da candidatura en liña.....	12
4.4	Criterios de avaliación das propostas recibidas	13
4.5	Cambios nas bases.....	14
4.6	Aceptación das bases.....	14

1 O proxecto SPIN_UP

O proxecto SPIN_UP “Definición e implementación de NLT para la promoción de SpinOffs Universitarias y StartUps innovadoras” cofinanciado ao 75% polo programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea, ten como obxectivo final estimular a creación de empresas a través da transferencia de tecnoloxía e coñecemento no Espazo de Cooperación, mediante o encontro entre o tecido produtivo e a oferta dos axentes xeradores de coñecemento.

Entre os obxectivos específicos do proxecto atópanse os seguintes:

- Mellorar as condicións para a aparición de novas iniciativas empresariais, creando contornas emprendedoras, a partir dun mellor coñecemento entre Universidade e Empresa, e do fomento da innovación aberta.
- Aglutinar capacidades para a creación de SpinOffs e StarUps, atendendo a retos industriais e a partir da creación dunha comunidade transfronteiriza de “Núcleos Locais de Transferencia (NLT)”.
- Dar visibilidade ao coñecemento xerado e rexistrado.
- Validar o modelo NLT para a súa transferencia a outros territorios.

As actividades que se van a desenvolver no marco do proxecto son:



O proxecto SPIN_UP é un proxecto promovido polos seguintes socios: Uninova, Asociación Empresarial do Tambre, IGAPE, Cámara de Comercio de Santiago, Universidade do Porto e ANJE.

2 Concurso de ideas

No marco do proxecto, UNINOVA organiza un concurso de ideas e proxectos que identifiquen necesidades de innovación e dean solución a posibles retos existentes na actualidade tanto no sector industrial como na investigación.

O concurso está focalizado no desenvolvemento de propostas emprendedoras que dean solución a problemas existentes ou a novas necesidades relacionadas coas seguintes áreas produtivas:

- Agro-Bio. Industria Alimentaria.
- Industria da Transformación 4.0.
- Industria Creativa, TIC, Turismo.
- Saúde-Envellecemento Ativo.

3 Bases do concurso

3.1 Obxectivo

O obxecto desta convocatoria é a identificación de ideas e iniciativas emprendedoras que identifiquen necesidades de innovación e dean solución a posibles retos existentes na actualidade e que poidan materializarse na creación de empresas a partir da transferencia de tecnoloxía e coñecemento.

Trátase de propoñer solucións innovadoras ou resultados da investigación dos grupos que poidan dar unha solución a retos ou necesidades actuais da industria; solución que se pode conseguir a través da colaboración con outros grupos de investigación, con empresas ou mesmo con particulares. A motivación da presentación destas ideas ou retos pode vir dada pola necesidade de ser avaliada previamente ou mesmo de coñecer a súa viabilidade.

O proxecto pretende facilitar o encontro das necesidades do tecido produtivo e a oferta dos axentes xeradores de coñecemento no territorio Galicia - Norte de Portugal.

A idea é recompilar e desenvolver as solucións aportadas polos grupos de investigación da comunidade universitaria galega aos posibles retos e necesidades actuais do tecido empresarial e universitario.

3.2 O concurso

O concurso constará de 2 fases.

A **primeira fase** fai referencia á presentación das ideas innovadoras a este concurso. Todas aquelas ideas que reúnan os requisitos expostos no apartado 4.4 destas bases e Fase 1 deste apartado, poderán optar a:

- Recibir apoio na realización da análise previa da viabilidade técnica e económica da idea.
- Asesoramento para a preparación dun elevator-pitch que poderán presentar , no caso de seren seleccionadas, ao xurado ou comité avaliador do concurso.

Na **segunda fase**, á que accederán as iniciativas seleccionadas da fase anterior, procederase a iniciar o proceso de aceleración das mesmas; é dicir, tratarase de converter a idea innovadora nunha iniciativa empresarial.

As accións de acompañamento e axuda nesta segunda fase están valoradas en, aproximadamente, 4.500 euros por proxecto. Para pasar á segunda fase será preciso superar a valoración do comité avaliador (consultar criterios no apartado 4.4. destas bases).

As ideas seleccionadas para pasar á segunda fase serán dadas a coñecer na web do proxecto (<https://spinup-project.eu/>), nun período aproximado de 30 días dende a data de finalización da recepción de solicitudes.

Fases do concurso

Fase 1 – Presentación de iniciativas (do 06/07/2020 ao 30/09/2020 ambos engadidos)

Nesta fase recibiranse todas as ideas e iniciativas presentadas que cumpran os requisitos de participación e analizaráse unha a unha, sendo requisitos imprescindibles para poder proceder á:

- Elaboración da análise previa da súa viabilidade técnica e económica.
- E ao asesoramento na preparación do elevator-pitch que resume o proxecto para a súa presentación ante o comité avaliador.

Que as ideas e propostas presentadas:

- Sexan minimamente viables, tanto a nivel técnico como económico.
- Presenten información suficiente para poder avalialas correctamente.
- O promotor da idea teña coñecementos técnicos mínimos para desenvolve-la.

Entre todas as propostas, o comité avaliador, tendo en conta os criterios que se indican no apartado “4.4 Criterios de avaliación das propostas recibidas”, fará unha selección das ideas que pasarán á fase 2.

Fase 2 – Proceso de aceleración para a creación de empresas (do 01/11/2020 ao 30/11/2021)

Nesta fase (valorada en 4.500 euros) procederase a:

- Asignación de promotor empresarial a cada iniciativa seleccionada, para asesoramento no seu modelo de negocio.

- Titorización por parte do persoal de Uninova con experiencia no ámbito do emprendemento. Asignarase a cada proxecto un titor para dar apoio e seguimento no proceso de aceleración.
- Asignación, a cada iniciativa seleccionada, dun mentor con ampla experiencia para o asesoramento naqueles campos que se requiran.
- Definición do plan de empresa e análise de viabilidade real.
- Asesoramento en materia de propiedade intelectual e industrial para o desenvolvemento de acordos de transferencia cos propietarios das patentes, se a iniciativa o precisa.
- Axuda na procura, no caso de ser necesario, dun socio industrial e/ou universitario, español ou portugués, para o desenvolvemento da idea.
- Acompañamento a foros de investimento se a iniciativa analizada resulta viable e se o obxectivo é poñer en marcha unha empresa.

Que podes conseguir para o teu proxecto / idea

- Análise previa da viabilidade técnica e económica.
- Asesoramento na preparación do elevator-pitch que resume o teu proxecto.
- Un titor para coordinar, dar apoio e facer o seguimento do proceso de aceleración.
- Un promotor/consultor empresarial para a realización do modelo de negocio coa correspondente análise de viabilidade.
- Un mentor con ampla experiencia para o asesoramento naqueles campos que se requiran.
- Asesoramento en materia de propiedade intelectual e industrial.
- Posibilidade de asociarse cun socio industrial para o desenvolvemento do proxecto.
- Asistencia a foros de investimento coa finalidade de atopar financiamento para a posta en marcha da empresa.

3.3 Quen pode participar?

O concurso vai dirixido a toda a comunidade universitaria galega¹; é dicir, persoas ligadas á USC, UVigo e UDC con ideas innovadoras que poidan ofrecer solucións novidosas ás necesidades da industria do tecido empresarial da área de Santiago de Compostela:

- Grupos de Investigación e Persoal Docente e Investigador (PDI).

¹ No norte de Portugal realizarase unha convocatoria similar para captar ideas e iniciativas universitarias nese territorio para ser abordadas polo proxecto.

- Estudantes: alumnos que se atopan realizando estudos de grao, doutoramento e alumnos de Máster.
- Empresas vinculadas á universidade.

Por outra banda, o concurso tamén está aberto a aquelas persoas que non teñan ideas ou proxectos pero que estean interesadas en participar ou colaborar, mediante os seus coñecementos ou experiencia, no desenvolvemento dalgún dos proxectos seleccionados (sempre que o promotor da idea así o manifieste na súa candidatura). Estas persoas deberán completar o formulario que aparece na web indicando as súas competencias.

3.4 Requisitos de participación

Para participar será necesario inscribirse a través da web <https://spinup-project.eu/proyectos-emprendedores/> cumprimentando o formulario de rexistro, onde se incluírá unha pequena memoria da idea ou iniciativa presentada.

Os requisitos que deben cumprir as persoas interesadas son:

- Ser maior de idade.
- Estar vinculado a unha universidade galega.
- Contar cunha idea ou proxecto empresarial innovador (ou que poida complementar outros existentes) que responda ás necesidades das seguintes áreas produtivas
 - Agro-Bio. Industria alimentaria.
 - Industria da transformación 4.0.
 - Industria creativa/TIC/Turismo.
 - Saúde/Envellecemento activo.
- Presentar iniciativas que posúan un certo impacto tecnolóxico, certo grado de innovación e/ou que ofrezan unha solución a algún reto empresarial da área empresarial de Santiago de Compostela.
- Poden presentarse ao concurso outras iniciativas que se atopen nunha fase máis madura e cuxo obxectivo sexa analizar a súa viabilidade de constitución e funcionamento como empresa.

3.5 Comité avaliador

O comité avaliador dos proxectos estará formado por, representantes de Uninova, representantes da Universidade de Santiago de Compostela e outros axentes da contorna con experiencia na avaliación de proxectos empresariais.

A súa composición será publicada na páxina web do proxecto.

3.6 Imaxe

As persoas premiadas autorizan e aceptan a publicación da súa imaxe en medios de comunicación e internet para a promoción do programa. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude por escrito.

3.7 Tratamento de información e protección de datos

Os organizadores comprométese a gardar confidencialidade sobre os datos e ideas aportadas por todos as persoas participantes, sobre todo daquelas que non foron seleccionadas.

Das seleccionadas só se fará uso da imaxe se así o autorizan; facéndose público tanto o nome do proxecto como unha pequena descrición do mesmo.

As persoas participantes, ao mesmo tempo, comprométese a gardar confidencialidade sobre os resultados de investigación postos á súa disposición (de ser o caso), sempre que estes non sexan de dominio público.

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos establécese o seguinte:

“A Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras (UNINOVA), con NIF B15678733, domicilio social en Edificio Emprendia – Campus Sur, Santiago de Compostela, España, e correo electrónico info@uninova.org, infórmalle de que tratará os datos de carácter persoal que

se faciliten á entidade a través dos canais habilitados coa finalidade de xestionar a participación (organización, difusión e comunicación necesaria) no concurso para o que foron recollidos”.

Entre estas finalidades atópanse as seguintes:

- Publicación dos seleccionados na páxina web.
- Remisión de comunicacións informativas derivadas da súa participación no concurso.
- Utilización da imaxe para as actividades descritas nas presentes bases legais.
- Remisión de calquera outra información relativa ás actividades de UNINOVA.

A base de xustificación deste tratamento é o consentimento expresado polas persoas interesadas.

Os datos serán conservados durante o período de duración do concurso ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais; transcorrido ese período temporal, os datos bloquearanse ou eliminaranse.

Se un usuario proporciona datos de terceiros, comprométese a informalos e, de ser o caso, a obter autorización dese para o seu tratamento, eximindo a UNINOVA de toda responsabilidade neste sentido.

Os datos proporcionados polas persoas non serán comunicados a terceiros, salvo disposición legal ou salvo autorización expresa por parte das mesmas.

As persoas interesadas poderán revocar o seu consentimento en calquera momento, sen prexuízo da licitude dos tratamentos realizados anteriormente, así como exercer os seus dereitos de acceso aos datos persoais, a súa rectificación, a súa supresión, a súa portabilidade e a limitación do seu tratamento, así como oporse ao mesmo, dirixindo un escrito a UNINOVA, Edificio Emprendia – Campus Sur, Santiago de Compostela, ou ben no correo electrónico indicado anteriormente, incluíndo na referencia “Protección de datos. Concurso”, acreditando debidamente a súa identidade.

Finalmente, as persoas interesadas poderán interpoñer unha reclamación ante a “Agencia Española de Protección de Datos”, se consideran que os seus dereitos foron vulnerados.

Todos os usuarios deberán declarar expresamente que coñecen e aceptan as bases reguladoras do concurso e o aviso sobre protección de datos.

Ao aceptar as bases do concurso, os participantes e, no seu caso, seleccionados autorizan expresamente a UNINOVA a utilizar o seu nome e imaxe nas accións de promoción pública ou comunicación que se realicen como resultado da xestión do concurso, en internet ou en calquera outro medio de comunicación.

3.8 Participación

A organización resérvase o dereito de excluír do programa a aqueles participantes que non amosen interese no mesmo.

3.9 Comunicacions

Toda a información de acceso público relativa ao desenvolvemento do programa, incluída a relación das ideas/iniciativas seleccionadas, publicarase no portal do proxecto <https://spinup-project.eu/>.

Calquera outra notificación de tipo individual será comunicada a través do correo electrónico ou número de teléfono co que se efectuou a inscrición no programa, ou naquel que con posterioridade sexa facilitado pola persoa para a devandita finalidade.

3.10 Reclamacións

Toda controversia derivada da interpretación ou execución deste documento será resolta directamente polas partes, para cuxo efecto estas se comprometen a realizar, de boa fe, os seus maiores esforzos para a solución consensuada das súas controversias. En caso de persistir os desacordos, elevarase a resolución do conflito aos tribunais da cidade de Santiago de Compostela.

4 Convocatoria

4.1 Inscripción

A inscrición no concurso realizarase de forma telemática, cumprimentando o formulario que aparece na páxina web <https://spinup-project.eu/proyectos-emprendedores/>.

4.2 Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes abarca desde o día 06 de xullo ata ás 14.00 horas do 30 de setembro de 2020.

4.3 Contido da candidatura en liña

Como se comentou anteriormente, a este concurso poderán presentarse tanto persoas cunha idea ou iniciativa coma persoas que consideren poden aportar coñecementos e experiencia. Desta forma, habilitase un formulario de inscrición para cada un destes perfís. Recoméndase cumprimentar todas os campos do formulario.

A continuación, descríbese o contido mínimo de cada unha das candidaturas.

Persoas con ideas / iniciativas

- Número de membros que forman parte da candidatura.
- Nome, apelidos, sexo, data de nacemento, email e teléfono.
- Título da idea/ proxecto.
- Breve descrición.
- Descrición da tecnoloxía e das súas vantaxes competitivas.
- Impacto da tecnoloxía.
- Característica innovadora.
- Estimación dos postos de traballo que pode xerar.

- Posibilidade de levar a cabo o desenvolvemento da idea a nivel internacional.
- Responde a algún reto empresarial? Cal?
- Que outros retos pode solucionar?
- Disposición para avanzar coa idea e crear unha empresa.
- Disposición para colaborar cun posible socio empresarial e/ou universitario para levar a cabo a iniciativa empresarial (no caso de que fora necesario)?
- No caso de que non queira crear a empresa ¿Permitiría que outras persoas desenvolvan a súa idea?
- Memoria do proxecto/idea (achegar).
- Consentimento para o tratamento de datos.

Para acceder e cumprimentar o formulario prema [aquí](https://form.jotform.com/201624803927354) (<https://form.jotform.com/201624803927354>).

Persoas con coñecemento e experiencia

- Nome, apelidos, sexo, data de nacemento, e-mail e teléfono.
- Relación coa universidade.
- Áreas nas que podería aportar coñecementos.
- Currículo vitae (achegar).
- Consentimento para o tratamento de datos.

Para acceder e cumprimentar o formulario prema [aquí](https://form.jotform.com/201631715449050) (<https://form.jotform.com/201631715449050>).

4.4 Criterios de avaliación das propostas recibidas

Os criterios de avaliación que rexerán esta convocatoria son:

- Impacto tecnolóxico.
- Grao de innovación.
- Capacidade de xerar postos de traballo.

- Impacto no espazo transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal.
- Posibilidade de internacionalización da idea.
- Solución a reto empresarial.
- Orixinalidade.
- Equilibrio entre homes e mulleres na composición do grupo que presente a iniciativa.

4.5 Cambios nas bases

A organización resérvase o dereito a realizar algún cambio nas bases se así o considerara, debendo comunicalo na web e informar debidamente ás persoas participantes.

4.6 Aceptación das bases

A participación neste concurso supón o coñecemento e a aceptación íntegra das presentes bases, así como calquera resolución que se puidera producir.

A interpretación das bases correspóndelle á organización.

En todo caso, a decisión do comité avaliador será firme.

Para máis información pode contactar con UNINOVA

- www.uninova.org
- info@uninova.org
- 881 815 538
- 881 815 593



Una manera de hacer Europa